

**Resolución da Oficialía Maior, do 30 de marzo de 2023, para a cobertura en comisión de servizos do posto de xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria**

Con data do 30 de marzo de 2023, o presidente do Parlamento de Galicia, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 4 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, acordou iniciar o procedemento para a cobertura temporal mediante comisión de servizos por motivos de urxente e inaprazable necesidade e por prazo dun ano, sen prexuízo da súa provisión definitiva con anterioridade, do posto de xefe/a do Servizo de Asistencia Parlamentaria (AP16 da RPT).

En consecuencia, RESOLVO:

Primeiro. Convocar a cobertura en comisión de servicios do posto de traballo que a continuación se detalla:

Denominación : xefe/a do Servizo de Asistencia Parlamentaria

Requisitos : funcionario/ a de carreira do grupo A de calquera administración pública

Nivel: 28

Complemento específico: 34.274,10 €

Méritos que se valorarán polos servizos prestados en postos do grupo A:

- Experiencia na dirección e coordinación de equipos ou grupos de traballo.
- Formación e experiencia na tramitación e xestión de procedementos parlamentarios e administrativos.
- Formación e experiencia na xestión de bases de datos, web institucionais, transparencia e sede electrónicas de administracións publicas.
- Formación e experiencia na xestión das aplicacións informáticas de uso parlamentario: Ágora, TECO, PREPAR.



O requisito de funcionario de carreira grupo A de calquera administración pública deberá posuírse no día da finalización do prazo para a presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

As persoas interesadas deberán remitir o seu currículo a [servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal](mailto:servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), no que debe figurar necesariamente un teléfono e un correo electrónico. Non se presentará a documentación xustificativa dos méritos alegados, que, de ser o caso, serán solicitados pola institución.

Todas as comunicacións referidas a este procedemento realizaranse exclusivamente a través do correo electrónico indicado pola persoa solicitante.

Segundo. Unha vez recibida a proposta de resolución do servizo competente en materia de persoal, que será o encargado da tramitación do expediente administrativo, a Oficialía Maior ditará resolución resolvendo a cobertura do posto en comisión de servizos.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

